



28/09/2015

1. XORNADA SOBRE A NOVA LEI DA XURISDICIÓN VOLUNTARIA

O Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, en colaboración coa editorial Sepin, organiza a xornada “A nova Lei da xurisdición voluntaria”, que terá o seguinte programa.

Día: martes, 20 de outubro

Hora: de 18.00 a 20.00 h

Lugar: salón de actos do ICA de Santiago

Relator: Miguel Guerra, director de Sepin Procesal e avogado

Matrícula: gratuíta para colexiados/as; 40 € demais persoas interesadas

Inscrición: na secretaría do Colexio ata o 15 de outubro

2. CLASES DE INGLÉS PARA COLEXIADOS/AS: PRAZO DE INSCRICIÓN ABERTO

O Colexio de Avogados de Santiago de Compostela abre o prazo de inscrición para as clases de inglés dirixidas a colexiados/as. Esta formación, de carácter gratuíto, será impartida por docentes nativos do Workshop English Center na sede principal do colexio e dará comezo a principios de outubro con horarios e grupos similares aos do curso pasado.

As clases terán unha hora e media de duración e a metodoloxía será práctica, baseada na conversa.

Este ano ademais **ofrecerase un curso específico de inglés xurídico para preparar o International Legal English Certificate (ILEC) de Cambridge.**

Inscrición: ata o 5 de outubro ás 14.00 h (por teléfono, fax ou correo electrónico)

Unha vez pechado o período de inscrición, o alumnado será distribuído nun dos tres grupos de nivel (inicial, medio ou avanzado) a partir dunha entrevista co docente.

3. V XORNADAS DE INFORMÁTICA XUDICIAL E DELITOS INFORMÁTICOS

O Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia organiza esta xornada, que este ano terá como título “A ciberdefensa no século XXI: ciberdelitos, vixilancia on line e a e-xustiza”.

Día: 21 de outubro

Hora: de 8.30 a 19.00 h

Lugar: Cidade da Cultura de Galicia, edificio CINC

Matrícula: 20 % de desconto para colexiados introducindo o código “**icasan20**”

Inscrición e programa: en <http://xornadaxudicial.cpetig.org>



4. REXISTRO DE AVOGADOS PARA PRESTAR ASISTENCIA XURÍDICA A REFUXIADOS E DESPRAZADOS

A Xunta de Goberno, na sesión do 21.09.2015, acordou a creación dun Rexistro de avogados/as para prestar asistencia xurídica a persoas refuxiadas e desprazadas. En colaboración coa mesma iniciativa formulada dende o CGAE, o Colexio manterá un Rexistro de avogados especializados en materia de inmigración e asilo que se porá á disposición das autoridades españolas e da UE para abordar a asistencia xurídica dos potenciais refuxiados e persoas desprazadas.

A asistencia poderá prestarse tanto a nivel nacional e local coma nos denominados *hotspots* (puntos quentes europeos) para colaborar in situ cos avogados e coas autoridades dos países afectados que así o demanden.

Os avogados/as interesados/as en formar parte deste Rexistro poden presentar a súa solicitude escrita de incorporación na secretaría do colexio.